XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FORMACIÓN PROFESIONAL

Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

Xacobeo 21·22

CEP XOSÉ NEIRA VILAS

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución
   1.1. Datos básicos do centro
   1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
   1.3. Breve xustificación do mesmo
   1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida
   2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
   2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
   2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción
   3.1. Obxectivos, indicadores e accións
   3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD
   4.1. Seguimento do Plan de Acción
   4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introdución

1.1. Datos básicos do centro

Centro de Educación Primaria Xosé Neira Vilas.
Dirección: Peroleira 34, 36389 Peitieiros-Gondomar (Pontevedra).
Teléfono: 886 110220
E-mail: cep.neira.vilas@edu.xunta.gal
Páxina web: http://www.edu.xunta.gal/centros/cepneiravilas/
Número de unidades en funcionamento: 11
N.º de profesores/as: en total 23: 19 mestres/as, 2 mestras itinerantes, 2 mestras en comisión de servizos.
N.º de alumnos/as: 71 no 1º e 2º niveis de Primaria, 50 no 3º e 4º niveis de
Primaria e 63 no 5º e 6º niveis de Primaria (Total 184 alumnos e alumnas).

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- ***Sociocultural***
  Colexio situado no rural, que acolle nenos e nenas de varias parroquias de Gondomar: Chaín, Peitieiros, Couso e Morgadáns, tendo esta última os barrios de Vilas e Prado, que son as máis distantes do Centro con 6 e 8 km, respectivamente. Na nosa zonificación tamén está comprendida unha zona pequena do casco urbano.
  Gondomar é un concello rural de 14.000 habitantes. Entre os servizos cos que conta están: unha Biblioteca, unha Casa da Cultura, Centro de Saúde, Pavillón Polideportivo, e Conservatorio de Música. Tamén existen varias escolas deportivas e artísticas en funcionamento.
  A comunicación das parroquias co centro urbano non é moi fluída a pesar da existencia dunha liña de autobuses varias veces no día.
  O nivel de servizos sociais nas parroquias é bastante deficiente. Nalgúns aspectos, a súa escasa demanda é case sempre consecuencia do interese que os demais demostran por eles. É o caso, en concreto, dos Centros Culturais que existen en cada unha das parroquias, onde desenvolven un importante labor en actividades folclóricas e musicais, así como a utilización destes locais como centro de reunión e de localización das Comisións de Festas e de Montes.
  A maior parte dos servizos con que conta o Concello están no centro urbano, sen que iso supoña necesariamente un gran nivel de "centralismo".

- ***Económico***
  O tipo de vivenda é unifamiliar, e a maioría das familias teñen terreos que traballan regularmente -cada vez menos- e que axudan á economía familiar. Outra parte das familias adícanse a sectores industriais e servizos.
  Esta simbiose entre o traballo nas empresas e o agrícola da casa, así como a súa localización xeográfica rural condicionan bastante o modo de vida, aínda que observando nestes últimos anos un fluxo de familias que chegan á nosa zona procedentes da cidade buscando un contorno máis tranquilo.

- ***Lingüístico***
  O idioma predominante nas familias é o galego, aínda que, moitos pais e nais relaciónanse cos seus fillos e fillas en castelán. A importancia disto é grande, xa que supón andar a cabalo entre dous idiomas distintos coa conseguinte dificultade para a súa aprendizaxe. Non existen máis linguas en uso.

- *O Plan Dixital recolle a realidade actual do centro, pretendendo unha achega e un desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa mantendo as liñas prioritarias establecidas no PE: Potenciar a convivencia de toda a comunidade, dar resposta á diversidade do alumnado a través do desenvolvemento curricular e establecer mecanismos de participación das familias.*
  Proponse un plan de acción relacionado coas diferentes actuacións e o desenvolvemento dos plans de centro concretados anualmente na PXA. Neste senso, a intención parte promover accións vinculadas ao mesmo tempo a diferentes habilidades e destrezas contribuíndo unha aprendizaxe real e significativa. A competencia dixital constitúe un eixe relevante para o desenvolvemento da actividade educativa.
  O curso 2011-12 o centro adscríbese ao Proxecto Abalar. No curso 2014-15 entra a formar parte da rede E-Dixgal manténdose ata a actualidade. Por outra banda, no curso 2013-14, o centro comeza a formar parte do PLAMBE solicitando anualmente diferentes iniciativas derivadas deste plan. Nos últimos tres cursos escolares, o centro solicita anualmente a participación en programas educativos que permiten a renovación e adquisición de recursos actuais para a aprendizaxe. A través das iniciativas englobadas nos Contratos Programa o centro traballou en prol da dixitalización desde un enfoque curricular.

  Tendo en conta o calendario de implementación do presente Plan, determinadas accións estarán recollidas na propia Programación Xeral Anual do curso 2022-23, tal e como se especifica nos obxectivos e accións do Plan. Realizaranse diferentes accións que terán presencia

nas programacións didácticas e contribuirán ao desenvolvemento do resto de plans e proxectos.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A publicación da LOMLOE en xaneiro de 2021 establece que todos os centros educativos deberán contar cunha estratexia dixital de centro. A Resolución do 17 de xuño de 2021, indica que ao longo do curso 2021-22 os centros docentes galegos deberán elaborar o seu Plan Dixital segundo as indicacións da Consellería. A Resolución do 3 de setembro do 2021, recolle o procedemento completo para a elaboración e implementación do presente Plan. Estas accións deberán revisarse e adaptarse segundo o desenvolvemento xeral dos plans de centro.

1.4. Proceso de elaboración

Segundo as instrucións marcadas na elaboración do plan dixital, o equipo de dinamización do plan constituíuse coa persoa coordinadora TIC no centro, a persoa directora e a persoa coordinadora de formación do centro. Durante o primeiro trimestre, realizáronse reunións para analizar o proceso de elaboración, tomar decisións sobre os cuestionarios docentes e realizar e revisar a información recollida no SELFIE.

Ao longo do 2º trimestre continuouse coa realización do Test CDD e a análise de toda a información para a elaboración dunha DAFO contextualizada na realidade do centro e segundo a información recollida.

No 3º trimestre procedeuse á redacción dos obxectivos e accións prioritarias do Plan Dixital, recollendo as achegas de todo o profesorado do centro.

Finalmente, redactouse o Plan dixital do centro tendo en conta as consideracións achegadas desde a Administración.

Ao longo do proceso, contamos en todo momento co asesoramento e coas achegas da persoa mentora adxudicada ao noso centro, a formación recibida e os exemplos documentais facilitados.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Inicialmente, a raíz do programa Escuelas Conectadas, dotouse ao centro educativo de servizo de rede inalámbrica sen fíos e tamén rede cableada onde a cobertura Wifi era escasa, instalando rosetas en diferentes puntos. O centro conta tamén con conectividade a Internet e telefonía.

Na actualidade, segue sendo insuficiente a cobertura wifi en determinados espazos do centro, polo que temos solicitado desde o 26/10/2020 ao CAU (Centro de Atención ao Usuario), a ampliación das zonas wifi. Desde o departamento técnico responsable comunícasenos que está pendente de resolución.

Aulas de nivel:
Na actualidade temos 12 aulas de nivel, 4 incluídas no proxecto E-Dixgal, e outras 6 dixitalizadas con EDI, canón e ordenador portátil. Os ordenadores portátiles destas aulas non forman parte da dotación directa de proxectos específicos da Consellería, senón que foron adquiridos polo centro educativo ou con orzamentos conseguidos na participación en diferentes iniciativas da Consellería.
Aínda quedan por dixitalizar 2 aulas de nivel que dispoñen de ordenador portátil unicamente, tamén adquirido con orzamentos conseguidos na participación en diferentes iniciativas da Consellería.
As aulas de Inglés, Educación Relixiosa, Educación Musical, e Audiovisuais contan con diferentes medios de proxección obsoletos que unicamente permiten a presentación visual de contidos.
A aula de audiovisuais conta cun ordenador portátil, adquirido polo centro educativo con orzamentos conseguidos na participación en diferentes iniciativas da Consellería.

Proxecto E-Dixgal:
Contamos con 4 aulas repartidas en dúas de 5º nivel e dúas de 6º nivel, equipadas con EDI, canón, ordenador portátil e puntos wifi.
Nestes momentos hai no centro 64 ordenadores portátiles en uso por parte do alumnado de 5º e 6º nivel Contamos con 4 equipos de reserva para alumnado.
Contamos actualmente con 9 ordenadores portátiles en uso por parte do profesorado que imparte algunha área E-Dixgal. Dispoñemos dun equipo de reserva para o profesorado.

Equipos de xestión e administración:
Dirección, Xefatura de estudos e Secretaría contan cun ordenador de sobremesa cada un, adquiridos con fondos propios, un deles conectado a unha impresora de etiquetas.

Biblioteca:
Conta cun ordenador de sobremesa de uso para o profesorado, que ten instalada a aplicación Meiga, xestionada polo equipo de biblioteca. Tamén dispón de 4 ordenadores portátiles para uso do alumnado e profesorado que o necesite e 3 tablets adquiridas a través do proxecto de bibliotecas (PLAMBE).

Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos:
Na sala de profesorado disponse de 2 ordenadores de sobremesa propiedade da Consellería.
No Departamento de Orientación (D.O.): 1 ordenador portátil adquirido polo centro con fondos propios.
No departamento de Audición e Linguaxe (A.L): 1 ordenador de sobremesa propiedade da Consellería.
No departamento de Pedagoxía Terapéutica (P.T.): 1 ordenador de sobremesa propiedade da Consellería.

Equipos ultraportátiles para aula móbil:
Coa incorporación ao proxecto E-Dixgal, o centro presentou o proxecto esixido para poder continuar co uso do equipamento do antigo proxecto Abalar. Contamos con 60 ordenadores pertencentes a este proxecto distribuídos en 3 andeis móbiles, aínda que teñen un funcionamento moi lento e estráganse con asiduidade, tendo que retirar cada pouco algún equipo, sendo moi dificultoso empregalos de xeito efectivo co alumnado. Ademais temos 7 de reserva e os 4 utilizados nas antigas aulas Abalar polo profesorado: dous de 5º curso e dous de 6º curso.

Aula de informática:
Consta de EDI, canón e ordenador portátil adquirido polo centro con fondos propios.
Contamos con 4 ordenadores de sobremesa propiedade da Consellería, actualmente en desuso xa que están obsoletos. Temos 6 pantallas de ordenador que quedaron sen uso despois de dar de baixa e enviar ao punto limpo as CPU dos ordenadores de sobremesa estragados.
Dispoñemos dun ordenador para uso de profesorado.

Dotacións para proxectos específicos:
Adquisición de 54 tablets con con fondos conseguidos na participación en proxectos (Contratos Programa) para iniciar ao alumnado de 1º a 4º nivel no uso das tecnoloxías, na Aula Virtual e romper a fenda dixital da zona.
Todos os ordenadores do equipo directivo, das aulas, de biblioteca, de informática e dos diferentes departamentos teñen acceso a algunha das 3 impresoras do centro.

O centro dispón de páxina web, Aula Virtual do centro, proxecto E-Dixgal, uso do espazoAbalar e utiliza a aplicación Abalarmóbil.

- *Xestión do mantemento do equipamento do centro.*
  O equipamento do centro é xestionado a nivel de mantemento pola UAC ou o Servizo Premium da Consellería, segundo se trate de equipos Abalar ou E-Dixgal. Para os equipos aos que a Consellería non presta este servizo, o

centro contrata os servizos dun técnico externo. O equipo de Dinamización das Tecnoloxías, tamén realiza o mantemento do equipamento dentro das súas posibilidades.

- *Redactouse un breve protocolo interno adaptado ao contexto Covid do uso do equipamento informático.*
  Elaborouse un breve protocolo, a nivel interno, de uso do equipamento E-Dixgal para o alumnado e profesorado, asi como unha guía rápida de uso das funcionalidades básicas para o profesorado. Coa posta en funcionamento da Aula virtual elaborouse unha guía de uso para as familias, alumnado e profesorado.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	4				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	4				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,2				
	Profesorado	4,3				
	Alumnado	-				
E- Pedagoxía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,1				
	Profesorado	4,2				
	Alumnado	-				
F- Pedagoxía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	3,9				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4,1				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	4,2				

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	15	16	93,8%
PROVISIONAL	2	3	66,7%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	3	3	100%
DESPRAZADO	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
76,1	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
PRI.	*77,2*	*Integrador/a (B1)*	*77*	*Integrador/a (B1)*
ESO				
BAC				
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	8	36,4%
B1	10	45,5%
B2	2	9,1%
C1	2	9,1%
C2		
TOTAL	22	100,10%

Outras fontes: *Outras fontes empregadas para a elaboración do análise DAFO foi a observación da propia realidade e idiosincrasia do centro e a contorna, analizada polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital.*

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Espazos diversos para o desenvolvemento da acción educativa. Adquisición de recursos dixitais para a mellora constante da competencia dixital.	Deficiente conexión inalámbrica para os dispositivos móbiles. Deficiente alcance da rede inalámbrica segundo a localización no centro.
	PERSOAL DOCENTE	Profesorado con capacidade para desenvolver a estratexia dixital de centro.	Falta de tempo para desenvolver a estratexia dixital. Baixa sistematización na avaliación e na creación de contidos dixitais.
	PERSOAL NON DOCENTE	Implicación en todos os procesos de centro.	Dificultade para o manexo competencial dos recursos dixitais.
	ALUMNADO	Capacitado e implicado no desenvolvemento dixital.	Grande diversidade na competencia dixital dentro dos mesmos rangos de idade. Emprego xeneralizado dos recursos dixitais como xogo.

	FAMILIAS		Limitacións para o acompañamento do alumnado no desenvolvemento dixital.
	OFERTA	Posibilidade de centrar os procesos pola presenza de alumnado dunha soa etapa.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Sistematización do traballo a través de reunións periódicas establecidas. Predisposición do equipo directivo para a progresiva dixitalización do centro. Procura de actividades e iniciativas para o desenvolvemento dixital de toda a comunidade.	Pluralidade de accións no centro educativo.

EXTERNOS		**OPORTUNIDADES**	**AMEAZAS**
CATEGORÍAS	**ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA**	Posibilidade de provisión de recursos a través de programas e iniciativas educativas.	Criterios arbitrarios e inespecíficos na provisión de recursos. Falta de resposta ás demandas reais educativas
	LEXISLACIÓN	Establecemento de canles e procesos regrados para o desenvolvemento da Estratexia Dixital.	Afastada da realidade efectiva do traballo educativo práctico e de impacto directo no alumnado.
	CONTORNA		Deficiencias na conectividade xeral da zona.
	ANPA	Comunicación eficiente co centro educativo.	Baixa implicación e participación das familias en xeral, tanto as que pertencen á ANPA como as que non.
	OUTRAS ENTIDADES	Posibilidade de contar con entidades públicas ou privadas que colaboran no desenvolvemento e boas prácticas da competencia dixital.	Oferta educativa plural e diversa na contorna.
	ALUMNADO	Implementación de actividades lúdicas para o desenvolvemento de destrezas dixitais.	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

(Ver táboas a continuación)

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A necesidade máis imperiosa na actualidade será dixitalizar as 2 aulas de nivel con EDI e canón, xa que non dispoñen de ningún medio tecnolóxico agás un ordenador portátil, polo que tanto o alumnado como o profesorado, non están a ter as mesmas oportunidades de alfabetización dixital nin a posibilidade de desenvolver o seu labor nunha das competencias máis importante e en auxe nos nosos días.

As Aulas de Inglés, Educación Relixiosa, Educación Musical, e Audiovisuais, precisan de EDI xa que proxectan sobre unha pantalla ou nunha pizarra, e necesitarían renovar os canóns, xa que son bastante antigos.

A Biblioteca, como eixe vertebrador das actividades do centro e espazo de aprendizaxe, debería contar con EDI, canón e ordenador portátil.

Os equipos de sobremesa para uso do profesorado e os departamentos de A.L e P.T teñen bastantes anos e funcionan con lentitude o que interfire no desenvolvemento do traballo docente.

“Área/s de mellora”: LIDERADO PRIMARIA						
1. OBXECTIVO:	A.1. Desenvolver a Estratexia Dixital do Centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo e Equipo de Dinamización Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nº de sesións realizadas de desenvolvemento dixital					
Valor de partida	0 sesións adicadas ao desenvolvemento dixital					
Valor previsto e data	6 sesións adicadas ao desenvolvemento dixital (2 por trimestre)			Ao rematar o curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Organizar un grupo de traballo de desenvolvemento dixital dentro do PFPP	Coordinador/a PFPP	Ao final do curso 22/23	Asesoramento formación Equipamento Dixital C.F.R		Realizada Aprazada Pendente	
AO1.2: Incluír sesións de desenvolvemento dixital na organización interna do profesorado	Xefatura de Estudos Coordinador/a TIC	Ao final do curso 22/23	Asesoramento TIC Equipamento Dixital		Realizada Aprazada Pendente	
AO1.3: Solicitar formación dixital específica para	Equipo Directivo Coordinador/a PFPP	Ao final do curso 22/23	Asesoramento formación Equipamento Dixital		Realizada Aprazada Pendente	

as familias						
AO1.4: Formar e actualizar ao profesorado no uso das ferramentas dixitais corporativas	Equipo dinamización TIC Coordinador/a PFPP	Ao longo de todo o curso	Asesoramento implementación recursos dixitais Espazos virtuais e equipamento informático		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	

“Área/s de mellora”: INFRAESTRUTURA E EQUIPOS PRIMARIA						
2. OBXECTIVO:	C.12. Compensar a fenda dixital existente				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo e Equipo de Dinamización Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Dotación económica invertida nas infraestruturas e no equipamento dixital					
Valor de partida	5% do orzamento do centro					
Valor previsto e data	8% do orzamento do centro			Ao rematar o curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Solicitar a creación dun Polo Creativo no centro	Equipo Directivo Coordinador/a TIC	Segundo a Resolución	Infraestruturas para a creación dun aula STEM-Maker		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Renovar equipamento dixital en función das necesidades	Equipo Directivo Coordinador/a TIC	Ao longo do curso 22/23	Segundo necesidades detectadas e dispoñibilidade económica		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS PRIMARIA						
3. OBXECTIVO:	E.2. Coñecer o proceso de creación de contidos dixitais para o seu uso no proceso educativo				**Acadado**	
RESPONSABLE:	Equipo de Dinamización Dixital				**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Cantidade de recursos elaborados desde o centro					
Valor de partida	0 recursos creados desde o centro					
Valor previsto e data	2 recursos dixitais creados por ciclo			Ao rematar o curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	**RESPONSABLES**	**DATA PREVISTA FIN**	**RECURSOS NECESARIOS**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	**ESTADO**	
AO1.1: Formar e informar sobre a creación de contidos dixitais	Coordinador/a TIC	Antes de finalizar o 1º trimestre	Equipamento informático necesario		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Elaborar guía de creación dixital adaptada ao centro	Equipo dinamización TIC	Antes de finalizar o 1º trimestre	Equipamento informático necesario		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Crear espazo virtual para o almacenamento de recursos dixitais creados polo profesorado	Coordinador/a TIC Profesorado	Finalizar ao curso 2023	Equipamento informático Aula Virtual		**Realizada**	

“Área/s de mellora”: PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN PRIMARIA						
4. OBXECTIVO:	G.5. Iniciar o proceso de dixitalización da avaliación e a participación do alumnado nel				**Acadado**	
RESPONSABLE:	Xefatura de Estudos e Equipo de Dinamización Dixital				**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de instrumentos de avaliación creados e compartidos					
Valor de partida	0 instrumentos de avaliación					
Valor previsto e data	3 instrumentos de avaliación (1 instrumento por ciclo)			Ao remate do curso 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	**RESPONSABLES**	**DATA PREVISTA FIN**	**RECURSOS NECESARIOS**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	**ESTADO**	
AO1.1: Formar e informar sobre avaliación, instrumentos e procedementos	Xefatura de Estudos Coordinador/a PFPP	Antes de finalizar o 1º trimestre	Asesoramento formación		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Crear un espazo de traballo de avaliación nas plataformas corporativas para o profesorado	Xefatura de Estudos Coordinador/a TIC	Antes de finalizar o 1º trimestre	Asesoramento dixital Aula Virtual		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Facer partícipe ao alumnado na	Profesorado	Ao longo do curso 22/23	Asesoramento formación Aula Virtual / Edixgal		**Realizada**	

elaboración de rúbricas de aprendizaxe						

“Área/s de mellora”: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS PRIMARIA						
5. OBXECTIVO:	E3. Implementar prácticas dixitais con todo o alumnado a través dos entornos virtuais				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de Estudos e Equipo de Dinamización TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Sesións lectivas semanais con utilización de recursos dixitais					
Valor de partida	0 sesións lectivas semanas por nivel					
Valor previsto e data	1 sesión lectiva semanal por nivel como mínimo			Ao remate do curso 22/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Achegar os recursos dixitais como instrumento de aprendizaxe	Equipo dinamización TIC Coordinador/a PFPP	Ao longo de todo o curso	Asesoramento implementación recursos dixitais Espazos virtuais e equipamento informático		Realizada Aprazada Pendente	
AO1.2: Sistematizar o uso dos recursos dixitais como instrumentos de aprendizaxe para o alumnado	Profesorado	Ao longo de todo o curso	Asesoramento implementación recursos dixitais Espazos virtuais e equipamento informático		Realizada Aprazada Pendente	
AO1.3: Crear banco de contidos dixitais adaptados aos	Equipo dinamización TIC	Ao longo de todo o curso	Asesoramento implementación recursos dixitais Espazos virtuais e equipamento informático		Realizada Aprazada Pendente	

niveis						
AO1.4: Formar ao alumnado no uso crítico das ferramentas dixitais	Profesorado	Ao longo de todo o curso	Asesoramento implementación recursos dixitais Espazos virtuais e equipamento informático		**Realizada**	

4. Avaliación do plan

O seguimento e avaliación do plan realizarase a través de dous procesos independentes e complementarios.
Por unha banda, unha vez ao trimestre o Equipo de Dinamización do Plan Dixital deberá recoller en sesión plenaria a valoración do grao de consecución das accións e obxectivos, así como o seu impacto e as medidas que deben adoptarse para acadalos.
Por outra banda, na Programación Xeral Anual incluiranse as acción e obxectivos prioritarios e recollerase na Memoria Final do curso a valoración das propostas incluídas e a consecución das mesmas. Para esta avaliación o Equipo de Dinamización do Plan Dixital recollerá a valoración de todo o profesorado implicado, así como a incidencia no resto da comunidade educativa.

5. Difusión do plan

O plan formará parte dos documentos de centro, dándose a coñecer nos órganos colexiados (Claustro e Consello Escolar). Compartirase na web do centro, como o resto de documentos e notificaráselle a súa publicación a través de Abalarmóbil ás familias.